

Presentación

As *Journées d'études métriques* celebradas na primavera de 2006 na Université ELTE de Budapest foron o marco no que un grupo de especialistas (entre os que estaban Dominique Billy, José Domínguez Caparrós, Iván Horváth, Patrizia Noel ou Levente Seláf) estableceu as bases dunha revista electrónica que, dedicada exclusivamente á métrica, botaba a andar ese mesmo ano baixo o nome *Ars Metrica*. Ao formar parte do consello de redacción da revista, a súa dirección encomendounos, hai aproximadamente un ano, a coordinación dun número monográfico dedicado ás *cantigas* galego-portuguesas. Circunstancias diversas fixeron que a empresa se fose adiando, mais durante este tempo establéronse contactos con varios estudosos e finalmente foron nove os especialistas que se animaron a participar nun proxecto que se propoñía adentrarse nunha cuestión que, xa no segundo cuarto do século XVI, chamara a atención dun personaxe, o humanista italiano Angelo Colocci, que estuda as *cantigas* dos relatores confeccionados polo seu encargo —en particular o cancionero identificado como *B*, hoxe na Biblioteca Nacional de Lisboa (cód. 10991)— con anotacións marxinais que, entre outros moitos aspectos, se deteñen na configuración retórica, métrica e rimática das mesmas. E isto porque os que inauguraron a expresión lírica en lingua vulgar fixeron da medida dos versos e da rima as bases sobre as que se apoiaba a composición duns textos que, ademais, ían acompañados de melodía, segundo se desprende do espazo reservado nos manuscritos para a notación musical —e mesmo a conservación desta para as composicións de Martin Codax e algunhas do prolífico Don Denis—, así como da utilización dos vocábulos *cantiga* e *cantar* por parte dos propios trobadores e xograres para referirse ás súas pezas ou das disputas literarias que teñen a súa orixe na incompetencia profesional de quen, como Lourenço, non sabía manexarse nas artes de *rimar* e *iguar*.

O progresivo descubrimento dos testemuños da lírica trobadoresca do occidente ibérico derivou na necesidade de dar a coñecer ese *corpus* a través de edicións de distinta natureza centradas nun cancionero (como é o caso do pioneiro traballo de Carolina Michaëlis sobre o *Cancioneiro da Ajuda*), nun xénero (como sucede cos volumes de José Joaquim Nunes para as *cantigas de amor* e as *cantigas de amigo*, ou os de Manuel Rodrigues Lapa e Graça Videira Lopes para as de *escarnio*) ou na produción de autores concretos. Non foi distinta a realidade para os textos de carácter relixioso, as célebres *Cantigas de Santa María*, ás que o especialista pode acceder a través da xa clásica edición de Walter Mettman. Xunto cos mesmos manuscritos, estes traballos, alén de verter información sobre os aspectos métricos e formais das pezas presentadas, convertéronse nas ferramentas utilizadas polos filólogos para estudar diferentes cuestións da poesía galego-portuguesa, as métricas entre elas. Todo este material está na base da elaboración dos valiosos e utilísimos repertorios métricos e rimarios da lírica profana (Giuseppe Tavani, *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese*, Roma: Edizioni dell'Ateneo, 1967) e relixiosa (Maria Pia Betti, *Rimario e lessico in rima delle Cantigas de Santa María di Alfonso X di Castiglia*, Pisa: Pacini, 1997; *Repertorio metrico delle Cantigas de Santa María di Alfonso X di Castiglia*, Pisa: Pacini, 2005) —revisados por José-Martín Montero Santalha no establecemento dos esquemas rimáticos da totalidade do *corpus* desenvolvido en sucesivos traballos, entre os que se conta a súa tese de doutoramento (*As rimas da poesía trovadoresca galego-portuguesa: catálogo e análise*, Tese de doutoramento, Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística (Área de Filoloxías Galega e Portuguesa), Universidade da Coruña, 3 vols., 2000 [inérita])—.

A existencia destes estudos non esgotou, porén, as posibilidades de análise dos aspectos formais da lírica do occidente ibérico dos séculos XIII e XIV; antes ben, eses instrumentos constitúen a orixe dunha bibliografía, que se suma a unha cantidade xa inxente de traballos sobre a métrica da lírica galego-portuguesa, á vez que abren novos vieiros e perspectivas na análise dunha materia que segue a ser de interese mesmo por parte dos responsables daqueles valiosos repertorios, como ben documentan as contribucións de Giuseppe Tavani e de Maria Pia Betti a este número de *Ars Metrica*. A monografía desexaba achegarse ás dúas manifestacións, profana e relixiosa, do *trobar* peninsular e non quería deixar de atender ao aspecto métrico e musical das *cantigas* nin á pertinencia da análise da disposición dos textos nos manuscritos. O resultado foi un conxunto de 8 artigos redactados por algunhas das máis recoñecidas autoridades

no estudo da métrica románica medieval, e da galego-portuguesa en particular, que exploran os terreos mencionados e establecen suxerentes hipóteses na análise das *cantigas*. Así, grazas ao traballo de Maria Pia Betti adentrámonos nas *Cantigas de Santa María*, mais son os textos profanos os que centran o interese das restantes contribucións, nas que a atención se dirixe á problemática suscitada por algunha peza en particular (como acontece cos estudos de Dominique Billy ou Giuseppe Tavani), ao uso que os trobadores ibéricos fixeron da rima (aspecto do que, desde distintas perspectivas, se ocupan Rip Cohen e Pilar Lorenzo Gradín e Simone Marcenaro), ao carácter indisoluble da métrica e da música (cuestión á que atende Antoni Rossell) ou aos mecanismos practicados polos copistas para individualizar os versos dos textos que transcriben (asunto sobre o que versa o artigo de Antonio Fernández Guiadanes e María Gimena del Río Riande). Este número de *Ars Metrica* non só deixa entrever a riqueza formal das cantigas escritas na Península Ibérica por autores de diversas procedencias, senón que tamén pon de manifesto a oportunidade de adentrarse no seu estudo desde múltiples e complementarios puntos de vista que dan sentido a análises individuais ou de conxunto e que converten a materia nun atractivo e sempre interesante obxecto de estudo para filólogos e musicólogos. Estes artigos queren suscitar, así mesmo, a reflexión sobre a importancia dos aspectos métricos no proceso de edición das *cantigas* e destacar a simbiose entre a práctica ecdótica e o coñecemento dos aspectos métricos dunha tradición poética que, por outra parte, cómpre situar no seu conxunto románico.

Quero deixar constancia do agradecemento a todos os que, co seu esforzo e entusiasmo se sumaron, desde o primeiro momento, á iniciativa de participar neste proxecto, á vez que dexeso animar a estes e a outros especialistas a transmitir os froitos da súa investigación en futuras iniciativas da revista. Finalmente, por propoñerme e implicarme na actividade de coordinar este traballo nas distintas fases, debo expresar o meu máis sincero agradecemento a Levente Seláf quen, coa súa incondicional paixón, segue impulsando a empresa iniciada naquela primavera de 2006.

Gerardo Pérez Barcala
Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2010